

Deseño de experiencias de aprendizaxe dixitais con perspectiva DUA

OPCIONAL. Cal é a situación de aprendizaxe? Como esta experiencia ten sentido e está conectada co alumnado.

Inspírate [aquí](#), [aquí](#), [aquí](#), [aquí](#), [aquí](#)

Achégase o tempo de Samaín e dende o área de lingua galega queremos profundar, coñecer e aprender a orixe do Samaín e curiosidades sobre esta data, para posteriormente elaborar un guión para a gravación dun podcast para a radio educativa do colexio.

Criterio(s) de avaliación. O alumnado será capaz de....
(<https://www.edu.xunta.gal/proens/>)

Puntos clave dos obxectivos (saberes, habilidades, etc). Que precisa saber e saber facer o alumnado para acadar o obxectivo?
(<https://www.edu.xunta.gal/proens/>)

CA3.1 Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencia a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.

CA3.6 Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización revisión e edición.

CA4.1 Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes , incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.

- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega.
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos , literarios e prescritivos) , desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Elaboración de textos con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade , con distintos propósitos comunicativos.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de

		información obtida noutros textos coas convencións formais básicas.	
Que tarefas ten que facer o alumnado para practicar ata chegar ao obxectivo? <i>Describe brevemente a secuencia didáctica .</i>			
Describe a actividade que vas levar a cabo. - engade link á actividade - explicación de como se fará na aula (xestión)	Proporcionar múltiples formas de representación (Principio I DUA). Esta actividade axúdате a conseguir este principio? Como?	Como vas proporcionar múltiples formas de acción e expresión (Principio II DUA). Esta actividade axúdате a conseguir este principio? Como?	Como vas proporcionar múltiples formas de implicación (Principio III DUA). Por que o alumnado vai estar motivado en cada unhas das actividades.
CAPTAR O SEU INTERESE E MOTIVACIÓN https://edu.cerebriti.com/juegos-de-lengua-autonomica-5-primaria/palabras-relacionadas-co-samain Previamente á tarefa de investigación e redacción do texto relacionado co Samaín, faremos unha actividade para captar a atención do alumnado e saber de que coñecementos previos partimos á hora de analizar o texto relacionado co Samaín. A actividade a farán individual cada un co seu portátil	-Texto escrito con toda a información que nos interese que coñezan e sintetizen para a posterior elaboración do podcast (en papel e tamén en formato dixital). -O texto escrito tamén o terán en audio. -Ao traballar por equipos empregaremos dinámicas de cooperativo onde accedan á información mediante diferentes actividades grupais. -Diferentes textos multimodais en formato dixital (noticias de prensa, artigos de investigación..) -Vídeo con audio e subtítulos sobre a orixe do Samaín elaborado por toda a escola. https://www.youtube.com/watch?v=0Acd00hQOhI&t=502s	-Dividiremos a actividade en diferentes etapas planificando dende a síntese da información ata o desenvolvemento do guión. -Organizarán a información en categorías en función da importancia da mesma. -Traballarán en papel con plantillas con diferente dificultade para recoller a e organizar a información. -Poderán tamén empregar o ordenador con diferentes plantillas de diversa dificultade para cubrir.	- A información estará dividida por cores en función da complexidade e poderán elixir con cal traballarán. -Dividiremos a información por equipos que exporán a súa parte ao resto da aula traballando así en equipos. -Traballarán en equipo e empregando dinámicas de cooperativo. - Teremos o obxectivo desta actividade sempre exposto na clase. - Faremos énfase na importancia da calidade do

		-Debuxos e formato cómic. -Elaborando mapas mentais dos datos máis relevantes. -Compoñendo a resposta mediante programas de voz. -Poderán empregar correctores ortográficas e gramaticais para unha comunicación fluída. -Autoavaliarán o desenvolvemento do seu traballo mediante rúbricas para que reflexionen e fomenten a automellora na consecución dos obxectivos da tarefa.	traballo de cara á gravación do podcast e da valoración que os oíntes fagan do mesmo. -Avaliarán o contido do seu apartado tanto eles como os seus compañeiros mediante una lista de cotexo. - As sesións estarán divididas en diferentes metas partindo do descubrimento do Samaín e pasando pola investigación, presentación da información e elaboración dun guión para finalmente grabar o podcast” -Serán eles os que decidan como se levarán a cabo o programa e a emisión do podcast. (Entrevista, lectura dos textos elaborados...)Decidirán o presentador/a/os/as e como van a ler cada un. -Poderán facer un listado de sons que poderán sonar durante o podcast para darlle ambiente á información. -O podcast será publicado
--	--	---	--



			para toda a comunidade educativa e para todo aquel que queira escoitalo na nosa canle de Ivoox.
--	--	--	---